Cualificación final	<p>Os Criterios de cualificación da avaliación final ordinaria estarán baseados nos resultados acadados na primeira e na segunda avaliación, esa cualificación <i>poderá</i> verse mellorada polo resultado do traballo realizado polo alumnado na 3ª avaliación (en ningún caso poderá verse diminuída). A 3ª avaliación servirá para subir a nota do alumnado nunca para prexudicalo. En situacións normais a avaliación final é a media das tres avaliacións, mais nestas condicións adaptarase e calcularase de acordo coas seguintes porcentaxes:</p>

	<p>50% da 1ª + 45% da 2ª avaliación + * 5% da 3ª avaliación (Sempre que non supoña unha diminución da cualificación senón unha mellora con respecto da media da 1ª e segunda avaliación.)</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación</p> <ul style="list-style-type: none"> - Envía as tarefas propostas pola titora - Presenta os seus traballos con limpeza e claridade.
	<p>Criterios de cualificación: Teranse en conta os resultados da 1ª e 2ª avaliación e poderá valorarse o traballo realizado nesta 3ª avaliación</p>
	<p>Procedementos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Verificación das entregas de propostas de tarefas indicadas pola titora - Análise das producións solicitadas ao alumnado/revisión de tarefas - Recompilación dos materiais remitidos <p>Instrumentos de avaliación</p> <ul style="list-style-type: none"> - Para alumnado: Traballos realizados polo alumnado á petición do profesorado. - Documentos de rexistro: Lista de cotexo, lista de control e/ou verificación, escada de valoración ou Rexistro de datos do traballo do alumnado en (carpeta dixital, carpeta do profesorado, caderno do profesorado, ficha de rexistro do alumnado,...). Rexistro de seguimento de cada alumna e alumno, tomando nota da participación nas accións planificadas. - Instrumento de valoración: para valorar o desempeño do alumnado en (exposición oral, redactado, lectura, exposición escrita, presentación dun traballo escrito/virtual..) <p>favoreceremos ao alumnado e daremos a oportunidade de recuperar as materias pendentes-suspensas do 1º ou 2º trimestre. Proporáselle algún tipo de tarefa a maiores, actividades extraordinarias, o mellor realizadas posible seguindo as pautas da titora, co propósito de superar esa materia. O alumnado que faga a tarefa recuperará a materia e o que non a faga manterá o suspenso.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades online de autocorrección/autocorrixibles (de repaso, recuperación e reforzo) • Actividades de investigación, lectura, creación,... (repaso e ampliación) <p>Combinar actividades virtuais e tradicionais: Traballos prácticos de experimentación, resolución de problemas, busca de información, xogos, contestación de preguntas, resolución de operacións, exercicios de completar, manexo e visionado de vídeos, escoita de información.</p>
	<u>Alumnado con conectividade:</u>

<p>Metodoloxía NON PRESENCIAL</p> <p>(alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Deseñaranse propostas integradas multinivel entre áreas/materias a partir dunha temática de interese (actualidade, relacionadas cos proxectos de 2º trimestre, conmemoracións,...), a globalización será a idea prioritaria e promoverase o traballo colaborativo entre o profesorado das distintas áreas e materias. Realizaranse propostas que reforcen os vínculos co alumnado e as familias ademais dos sistemas de comunicación sincrónicas e asincrónicas, serán accións e propostas para o alumnado que sexan viables, sinxelas, flexibles e motivadoras para non crear desigualdades.</p> <p>O noso alumnado non é autónomo na súa aprendizaxe e precisa de acompañamento, contacto, estratexias didácticas concretas, autocontrol da concentración, interacción cara a cara, ... As accións deseñadas terán en conta as limitacións de recursos do alumnado e das súas familias. Por este motivo non consideramos a opción de realizar videoconferencias con docencia co alumnado, si a posibilidade de usar este medio para a comunicación e o mantemento de contactos.</p> <p>As tarefas propooraas o profesorado a través dos blog educativos e/ou aula virtual, o alumnado utilizará eses medios para a devolución e entrega das mesmas</p> <p>Para o alumando con NEAE o profesorado adaptará as propostas coa orientación de DO, PT e AL, esas propostas tentarán a inclusión nas tarefas da aula e faranse chegar individualmente naqueles casos que se requira.</p> <p><u>Non hay alumnado sen conectividade.</u></p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Recursos TIC (blog, chat, tok app, aula virtual, páxinas web, app, materiais en rede,...)</p> <p>Teléfono</p> <p>Recursos web</p> <p>Materiais adaptados DO</p> <p>Actividades conxuntas de centro</p>

<p>4. Información e publicidade</p>	
<p>Información ao alumnado e ás familias</p>	<p>Remitirase información sobre esta adaptación das programacións do 3º trimestre ás familias a través de tokapp dende o centro indicando onde poden consultalas. Na información que se lle remita ás familias haberá que indicar que “a programación adaptada deste 3º trimestre está a ser supervisada polo Servizo de Inspección e se esta indica cambios lles será trasladada de novo”</p>
<p>Publicidade</p>	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p>

MATERIA: CIENCIAS NATURALES

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	COMPETENCIAS
Buscar, seleccionar e organizar información concreta e relevante.	Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízala, obtén conclusións, elabora informes para o rexistro de plan de traballo e comunica, de forma escrita, as conclusións.	CCL CSIEE CAA CD CMCT
Expresar por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área.	Expresa por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos escritos.	CCL CMCT
Presentar un informe, de forma escrita, empregando soportes variados.	Presenta un informe, de forma escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) na realización de experiencias sinxelas e pequenas investigacións.	CCLCM CTCSC CD CAA CSIEE
Observar, identificar e describir algúns avances da ciencia.	Observa, identifica e describe algúns avances da ciencia.	CMCTC CL CSC
Recoñecer estilos de vida saudables.	Recoñece estilos de vida saudables.	CMCTC CL CSC

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> -Verificación das entregas de propostas de tarefas indicadas polo profesorado - Análise das producións solicitadas ao alumando (escritos, fotos, power points,..., vídeos, presentacións, maquetas e artefactos plásticos, ...). - Observación e Intercambios orais durante as telexuntanzas. - Uso de TIC durante o confinamento. - Recompilación dos materiais remitidos.
-------------------	---

	<p>- Alumnado: Traballos realizados polo alumnado á petición do profesorado.</p> <p>- Profesorado (ferramentas de avaliación): Documentos de rexistro: Lista de control , rexistro de datos do traballo do alumnado en carpeta dixital, caderno do profesorado e ficha de rexistro do alumnado. Rexistro de seguimento de cada alumna e alumno, tomando nota da participación nas accións planificadas.</p> <p>Instrumento de valoración: redactado, exposición escrita, presentación dun traballo escrito/virtual..)</p> <p>Valorarase o realizado na 3ª avaliación de cara a unha avaliación diagnóstica – avances realizados, atrasos producidos, dificultades detectadas- que permita obter datos cualitativos para a realización das programacións e programas de recuperación a deseñar o curso vindeiro (a finalidade é coñecer que se precisará reforzar, recuperar ou ampliar, que aprendizaxes deberán ser obxecto de tratamento no 2020/2021) . Teremos en conta o nivel de realización do traballo, que estea o mellor realizado posible, atendendo ás condicións ou pautas establecidas para a súa realización polo profesorado. Valores acordados:</p> <p style="text-align: center;">Entrega de actividades ata un 25% = 5 Entrega de actividades do 25% ata o 40% = 6 Entrega de actividades do 50% ata o 60% = 7 Entrega de actividades do 60% ata o 70% = 8 Entrega de actividades do 80% ata o 90% = 9 Entrega de actividades do 90% ata o 100% = 10</p>
Cualificación final	<p>Os Criterios de cualificación da avaliación final ordinaria estarán baseados nos resultados acadados na primeira e na segunda avaliación, esa cualificación <i>poderá</i> verse mellorada polo resultado do traballo realizado polo alumnado na 3ª avaliación (en ningún caso <i>poderá</i> verse diminuída). A 3ª avaliación servirá para subir a nota do alumnado nunca para prexudicalo. En situacións normais a avaliación final é a media das tres avaliacións, mais nestas condicións adaptárase e calcularase de acordo coas seguintes porcentaxes:</p> <p style="text-align: center;">50% da 1ª + 45% da 2ª avaliación * 5% da 3ª avaliación</p> <p>(Sempre que non supoña unha diminución da cualificación senón unha mellora con respecto da media da 1ª e 2ª avaliación.)</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Envía as tarefas propostas pola titora - Presenta os seus traballos con limpeza e claridade. <p>Criterios de cualificación: Teranse en conta os resultados da 1ª e 2ª avaliación e <i>poderá</i> valorarse o traballo realizado nesta 3ª avaliación</p>

	<p>Procedementos de avaliación :</p> <ul style="list-style-type: none"> - Verificación das entregas de propostas de tarefas indicadas polo profesorado. - Análise das producións solicitadas ao alumnado/revisión de tarefas. - Recompilación dos materiais remitidos. <p>Instrumentos de avaliación</p> <ul style="list-style-type: none"> - Para alumnado: Traballos realizados polo alumnado á petición do profesorado. - Documentos de rexistro: Lista de cotexo, lista de control e/ou verificación, escada de valoración ou Rexistro de datos do traballo do alumnado en (carpeta dixital, carpeta do profesorado, caderno do profesorado, ficha de rexistro do alumnado,...). Rexistro de seguimento de cada alumna e alumno, tomando nota da participación nas accións planificadas. - Instrumento de valoración: para valorar o desempeño do alumnado en (exposición oral, redactado, lectura, exposición escrita, presentación dun traballo escrito/virtual..) <p>favoreceremos ao alumnado e daremos a oportunidade de recuperar as materias pendentes-suspensas do 1º ou 2º trimestre. Proporáselle algún tipo de tarefa a maiores, actividades extraordinarias, o mellor realizadas posible seguindo as pautas da titora, co propósito de superar esa materia. O alumnado que faga a tarefa recuperará a materia e o que non a faga manterá o suspenso.</p>
--	--

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades online de autocorrección/autocorrixibles (de repaso, recuperación e reforzo) • Actividades de investigación, lectura, creación,... (repaso e ampliación) <p>Combinar actividades virtuais e tradicionais: Traballos prácticos de experimentación, resolución de problemas, busca de información, xogos, textualizacións, esquemas e resumos, lectura, contestación de preguntas, elaboración de presentación, fotos,..., exercicios de completar, escoita de información, debuxo, composición,.....</p>
Metodoloxía NON PRESENCIAL (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p><u>Alumnado con conectividade:</u></p> <p>Deseñaranse propostas integradas multinivel entre áreas/materias a partir dunha temática de interese (actualidade, relacionadas cos proxectos de 2º trimestre, conmemoracións,...), a globalización será a idea prioritaria e promoverase o traballo colaborativo entre o profesorado das distintas áreas e materias. Realizaranse propostas que reforcen os vínculos co alumnado e as familias ademais dos sistemas de comunicación sincrónicas e asincrónicas, serán accións e propostas para o alumnado que sexan viables, sinxelas, flexibles e motivadoras para non crear desigualdades.</p> <p>O noso alumnado non é autónomo na súa aprendizaxe e precisa de</p>

	<p>acompañamento, contacto, estratexias didácticas concretas, autocontrol da concentración, interacción cara a cara, ... As accións deseñadas terán en conta as limitacións de recursos do alumnado e das súas familias. Por este motivo non consideramos a opción de realizar videoconferencias con docencia co alumnado, si a posibilidade de usar este medio para a comunicación e o mantemento de contactos.</p> <p>As tarefas propoas o profesorado a través dos blog educativos e/ou aula virtual, o alumnado utilizará eses medios para a devolución e entrega das mesmas</p> <p>Para o alumando con NEAE o profesorado adaptará as propostas coa orientación de DO, PT e AL, esas propostas tentarán a inclusión nas tarefas da aula e faranse chegar individualmente naqueles casos que se requira.</p> <p><u>Non hai alumnado sen conectividade.</u></p>
Materiais e recursos	<p>Recursos TIC (blog, chat, tok app, aula virtual, páxinas web, app, programas específicos de creación de recursos, materiais en rede,...)</p> <p>Teléfono</p> <p>Recursos web</p> <p>Materiais adaptados DO</p> <p>Actividades conxuntas de centro</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>Remítirase información sobre esta adaptación da programacións do 3º trimestre de 6º de Ed. Primaria ás familias a través de tokapp dende o centro indicando onde poden consultarlas.</p> <p>Na información que se lle remita ás familias haberá que indicar que “a programación adaptada deste 3º trimestre está a ser supervisada polo Servizo de Inspección e se esta indica cambios seralles trasladada de novo”.</p>
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

MATERIA: VALORES CÍVICOS E SOCIAIS

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	COMPETENCIAS
-Axudar á resolución de problemas, colaborando e tendo unha actitude aberta cara aos demais.	-Desenvolve proxectos con outros escolares e axuda á resolución de problemas colaborando.	CSC CAA
-Expresar os sentimentos empregando as emocións de forma positiva.	-Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais.	CCL CSC
-Desenvolver o seu propio potencial, esforzándose para lograr éxitos, tanto de forma individual como en grupo.	-É capaz de facer unha autoavaliación responsable da execución das tarefas, expresando propostas de mellora. -Valora o esforzo individual e de grupo. Trata de cumprir os compromisos. - Aмосa boa disposición para ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.	CSC CCL CAA CSC CSC CAA
-Establecer relacións positivas entre as persoas.	- Realiza actividades cooperativas detectando os sentimentos e pensamentos que están implícitos no que se está a dicir. - Mostra empatía. -Emprega diferentes habilidades sociais.	CSC CSC CCL CAA
-Actuar con tolerancia, respectando as diferenzas.	-Comprende e aprecia positivamente as diferenzas culturais. - Identifica problemas sociais e cívicos e achega posibles solución.	CSC CAA CSC
-Contribuír a mellorar o clima do grupo con actitudes cooperativas e respectuosas.	-Participa nas dinámicas de grupo. -Establece relacións de afecto e confianza mutua.	CSC CCL

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos de avaliación.</p> <ul style="list-style-type: none">• Intercambios orais co alumnado.• Responsabilidade no cumprimento das obrigas durante a estancia no fogar. Obrigas tanto académicas, como de outra orde (tutela de irmáns menores, colaboración nas tarefas domésticas, ...)• Intercambios levados a cabo por diferentes medios.• Uso de TIC durante o confinamento.• Recompilación dos materiais remitidos
	<p>Instrumentos</p> <p>Alumnado:</p> <ul style="list-style-type: none">• Traballos realizados polo alumnado á petición do profesorado. <p>Profesorado (ferramentas de avaliación):</p> <ul style="list-style-type: none">• Documentos de rexistro:<ul style="list-style-type: none">-Rexistro de datos do traballo do alumnado (elaboración das tarefas) nunha ficha de rexistro.- Rexistro de seguimento de cada alumna e alumno, tomando nota da participación, consulta de dúbidas, intervención en actividades cooperativas, ...• Instrumento de valoración:<ul style="list-style-type: none">- Valorarase o realizado na 3ª avaliación de cara a unha avaliación diagnóstica (avances realizados, atrasos producidos, dificultades que se manifestan) que permita obter datos cualitativos para a realización das programacións e dos programas de recuperación a deseñar o curso vindeiro. Coa finalidade de coñecer o que se precisará reforzar, recuperar ou ampliar ou que aprendizaxes que non se puideron levar a cabo neste curso, se deberán contemplar no 2020/2021).- Terase en conta as diferentes situacións do alumnado para seguir as instrucións escolares. Especialmente naqueles casos nos que non hai posibilidades de axuda familiar e/ou naqueles nos que os medios tecnolóxicos, son mais precarios.- Valorarase que o alumnado realiza as tarefas de maneira autónoma.- Comprobarase o cumprimento na realización do traballo.- Valorarase positivamente aquelas actividades cooperativas nas que o alumnado participa.- As situacións onde o alumnado atende ás correccións dos erros e remite as tarefas melloradas.- Valores acordados:<ul style="list-style-type: none">Entrega de actividades ata un 25% = 5Entrega de actividades do 25% ata o 40% = 6Entrega de actividades do 50% ata o 60% = 7Entrega de actividades do 60% ata o 70% = 8

	<p>Entrega de actividades do 80% ata o 90% = 9</p> <p>Entrega de actividades do 90% ata o 100% = 10</p>
Cualificación final	<p>Os Criterios de cualificación da avaliación final ordinaria estarán baseados nos resultados acadados na primeira e na segunda avaliación, esa cualificación <i>poderá</i> verse mellorada polo resultado do traballo realizado polo alumnado na 3ª avaliación (en ningún caso poderá verse diminuída). A 3ª avaliación servirá para subir a nota do alumnado nunca para prexudicalo. En situacións normais a avaliación final é a media das tres avaliacións, mais nestas condicións adaptarase e calcularase de acordo coas seguintes porcentaxes:</p> <p style="text-align: center;">50% da 1ª+ 45% da 2ª avaliación+ 5% da 3ª avaliación</p> <p>(sempre que non supoña unha diminución da cualificación senón unha mellora con respecto da media da 1ª e 2ª avaliación)</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Non se formularán actividades específicas da materia neste terceiro trimestre.</p> <p>As actividades estarán integradas dentro do traballo xeral que presentan as titorías cunha periodicidade quincenal.</p>
Metodoloxía NON PRESENCIAL (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<ul style="list-style-type: none"> - Diseñaranse propostas integradas entre áreas a partir dunha temática de interese (actualidade, relacionadas cos proxectos de 2º trimestre, conmemoracións,...). Promoverase o traballo colaborativo entre o profesorado das distintas áreas e materias. - Realizaranse propostas que reforcen os vínculos co alumnado e as familias, serán propostas para o alumnado que resulten viables, sinxelas, flexibles e motivadoras para non crear desigualdades. - Moito do noso alumnado non é autónomo na súa aprendizaxe e precisa de acompañamento. As accións deseñadas terán en conta as limitacións de recursos do alumnado e das súas familias. - As tarefas propoñáanse ao profesorado a través do Edixgal, o alumnado utilizará ese medio para a devolución e entrega das mesmas. Tamén empregarán correo electrónico e aplicación de tokapp e whatsapp. - Ao alumnado con falta de recursos dixitais tentarase buscar fórmulas alternativas de acceso ás actividades e a achega das mesmas. - Para o alumnado con NEAE o profesorado adaptará as propostas coa orientación de DO, PT e AL, esas propostas tentarán a inclusión nas tarefas da aula e faranse chegar individualmente naqueles casos que

	se requira.
Materiais e recursos	Recursos TIC (blog, tokapp, aula virtual, páxinas web, app, materiais en rede,...) Teléfono Recursos web Actividades de reforzo e ampliación (escrito e online) Materiais adaptados DO Actividades conxuntas de centro

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<ul style="list-style-type: none"> • Remitirase información sobre esta adaptación das programacións do 3º trimestre ás familias a través de tokapp dende o centro indicando onde poden consultalas. • Na información que se lle remita ás familias haberá que indicar que “a programación adaptada deste 3º trimestre está a ser supervisada polo Servizo de Inspección e se esta indica cambios lles será trasladada de novo”.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

MATERIA: PLÁSTICA

ÍNDICE

5. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
6. Avaliación e cualificación.
7. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
8. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	COMPETENCIAS
B1.1. Formular opinións cun criterio estético, oralmente ou por escrito, que expresen o respecto e a riqueza das achegas que ofrecen as manifestacións artísticas (plásticas, visuais ou musicais), apreciando as texturas, as formas, as liñas, as medidas e as cores.	EPB1.1.2. Utiliza a observación e a percepción visual para interpretar imaxes.	CCEC CAA
	6º-EPB1.1.4 –Recoñece materiais e recursos plásticos nas imaxes e nas composicións plásticas.	CCEC CCL
	6º-EPB1.1.5 - Aprecia as diferenzas entre as formas xeométricas do seu contexto próximo.	CCEC CCL
B1.3. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de xeito responsable para a busca, creación e difusión de imaxes fixas e en movemento.	6º-EPB1.3.1 -Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais.	CD CSC
B2.1. Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo, experimentando, recoñecendo e diferenciando a expresividade dos diversos materiais e técnicas pictóricas e elixindo as máis axeitadas para a realización da obra prevista.	EPB2.1.1. Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, coidando o material e o espazo de uso.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL
	EPB2.1.2. Fai composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, alegría, tristura etc.) coa axuda de diversos recursos para cada caso (claroscuro, puntos, liñas, cores etc.).	
	EPB2.1.3. Debuxa obxectos cotiáns, ideas, accións e situacións.	
	EPB2.1.9. Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, tamaños e cores axeitadas (paisaxe, bodegón etc.).	
B2.2. Representar volumes utilizando recursos como cores, claroscuros, corte, dobra e encartado.	EPB2.2.1. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.	▪ CCEC

	EPB2.2.4. Fai obxectos tridimensionais utilizando o recorte, o encartado e o pegado de pezas de diversas formas, utilizando diversos tipos de materiais.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
B2.4. Utilizar as TIC para a busca e tratamento de imaxes, como ferramentas para deseñar documentos.	<p>EPB2.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e documentación para a creación de producións propias.</p> <p>EPB2.4.2. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar; modificar tamaño, cor, brillo, contraste etc.) que serven para a ilustración de textos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCEC
B2.5. Realizar producións plásticas, participando con interese e aplicación no traballo individual ou de forma cooperativa, respectando os materiais, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, e apreciando a correcta e precisa realización dos exercicios e das actividades, a orde e a limpeza, o respecto polas normas, as regras e os/as compañeiros/as.	<p>EPB2.5.1. Produce obras plásticas, logo de escoller as técnicas e os instrumentos máis axeitados para conseguir unha finalidade determinada.</p> <p>EPB 2.5.4. Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CSC

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos de avaliación :</p> <ul style="list-style-type: none">-Verificación das entregas de propostas de tarefas indicadas polo profesorado.- Análise das producións solicitadas ao alumnado.- Uso de TIC durante o confinamento.- Recompilación dos materiais remitidos. <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none">- Traballos realizados polo alumnado á petición do profesorado.- Rexistro de seguimento de cada alumna e alumno, tomando nota da participación nas accións planificadas. <p>Valorarase o realizado na 3ª avaliación de cara a una avaliación diagnóstica – avances realizados, atrasos producidos, dificultades detectadas- que permita obter datos cualitativos para a realización das programacións e programas de recuperación a deseñar o curso 2020/2021 ,(a finalidade é coñecer que se precisará reforzar, recuperar ou ampliar, que aprendizaxes deberán ser obxecto de tratamento).</p> <p>Terase en conta o nivel de realización do traballo, que estea o mellor realizado posible, atendendo ás condicións ou pautas establecidas para a súa realización polo profesorado. Segundo a cantidade de tarefas presentadas valoraranse do seguinte xeito</p> <ul style="list-style-type: none">Entrega de actividades ata un 25% = 5Entrega de actividades do 25% ata o 40% = 6Entrega de actividades do 50% ata o 60% = 7Entrega de actividades do 60% ata o 70% = 8Entrega de actividades do 80% ata o 90% = 9Entrega de actividades do 90% ata o 100% =10
Cualificación final	<p>Os Criterios de cualificación da avaliación final ordinaria estarán baseados nos resultados acadados na primeira e na segunda avaliación, esa cualificación poderá verse mellorada polo resultado do traballo realizado polo alumnado na 3ª avaliación (en ningún caso poderá verse diminuída). A 3ª avaliación servirá para subir a nota do alumnado nunca para prexudicalo.</p> <p>En situacións normais a avaliación final é a media das tres avaliacións, mais nestas condicións adaptarase e calcularase de acordo coas seguintes porcentaxes:</p> <p>50% da 1ª avaliación + 45% da 2ª avaliación+ 5% da 3ª avaliación (Será sempre mentres non supoña unha diminución da cualificación senón unha mellora con respecto da media da 1ª e 2ª avaliación.)</p>

Alumnado de materia pendiente	<p>Criterios de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Envía as tarefas propostas pola especialista en inglés - Presenta as tarefas con limpeza e claridade.
	<p>Criterios de cualificación: Teranse en conta os resultados da 1ª e 2ª avaliación e poderá valorarse o traballo realizado nesta 3ª avaliación</p>
	<p>Procedementos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Verificación das entregas de propostas de tarefas indicadas polo profesorado - Análise das producións solicitadas ao alumnado/revisión de tarefas - Recompilación dos materiais remitidos <p>Instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Para alumnado: Traballos realizados polo alumnado á petición do profesorado. - Documentos de rexistro: Lista de cotexo, lista de control e/ou verificación, escada de valoración ou Rexistro de datos do traballo do alumnado en (carpeta dixital, carpeta do profesorado, caderno do profesorado, ficha de rexistro do alumnado,...). Rexistro de seguimento de cada alumna e alumno, tomando nota da participación nas accións planificadas. - Instrumento de valoración: para valorar o desempeño do alumnado en (exposición oral, redactado, lectura, exposición escrita, presentación dun traballo escrito/virtual..) <p>Favoreceremos ao alumnado e daremos a oportunidade de recuperar as materias suspensas do 1º ou 2º trimestre. Proporáselle algún tipo de tarefa a maiores, actividades extraordinarias, o mellor realizadas posible seguindo as pautas da especialista en inglés co propósito de superar esa materia. O alumnado que faga a tarefa recuperará a materia e o que non a faga manterá o suspenso.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades online de visionado e / ou experimentación. - Actividades de investigación ,experimentación e, creación, de repaso e ampliación. <p>Combinaranse actividades virtuais e tradicionais: Traballos prácticos de experimentación, elaboración de vídeo/presentación/fotos/,visionado de vídeos, percorridos virtuais polos museos, escoita de información,</p>

	debuxo, composicións artísticas, realización de manualidades...
Metodoloxía NON PRESENCIAL (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Participárase nas propostas de temáticas integradas de nivel entre materias ou de centro, intercalando ou adaptando os contidos establecidos para este nivel segundo o Decreto de Educación Primaria. A globalización será a idea prioritaria e promoverase o traballo colaborativo entre o profesorado das distintas áreas e materias.</p> <p>Realizaranse propostas que reforcen os vínculos co alumnado e as familias, propostas que sexan viables, sinxelas, flexibles e motivadoras para non crear desigualdades</p> <p>Terán en conta as limitacións de recursos do alumnado e das súas familias. Por este motivo non consideramos a opción de realizar videoconferencias con docencia co alumnado, pero si a posibilidade de usar este medio para a comunicación e o mantemento de contactos.</p> <p>As tarefas serán propostas a través dos blog educativos e o alumnado utilizará o correo electrónico, para a devolución e a entrega das mesmas así como para preguntar dúbidas ou facer calquera tipo de comunicación. Pode empregar tamén a plataforma Edixgal.</p>
Materiais e recursos	<p>Recursos TIC (blog, Repositorio Abalar, Edixgal (tanto para mandar ou recibir comunicacións como para notificar tarefas) teléfono móbil, páxinas web, materiais en rede,...).</p> <p>Actividades conxuntas de centro.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<ul style="list-style-type: none"> • Remítirase información sobre esta adaptación das programacións do 3º trimestre ás familias a través de tokapp dende o centro indicando onde poden consultalas. • Na información que se lle remita ás familias haberá que indicar que “a programación adaptada deste 3º trimestre está a ser supervisada polo Servizo de Inspección e se esta indica cambios lles será trasladada de novo”.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

